



CIRCULAR INFORMATIVA 2/2019

1. CONVOCATORIA DE XUNTA XERAL, 1ª/2019

Día: 28.02.2019

Hora: 20.00 h

Lugar: salón de actos do ICA de Santiago

De acordo co establecido nos artigos 88 e 90 do Estatuto do Colexio de Avogados de Santiago de Compostela e nos artigos 55 e seguintes do Estatuto xeral da avogacía española, a Xunta de Goberno, na sesión do día 08.01.2019, tomou o acordo de convocar a xunta xeral ordinaria (primeira de 2019) para o vindeiro **28 de febreiro de 2019, ás 20:00 h**, no salón de actos deste colexio, consonte a seguinte:

Orde do día:

1. Lectura e aprobación, se procede, da acta da última xunta xeral.
2. Recensións que realizará o decano sobre os acontecementos máis significativos que tiveron lugar o ano anterior en relación co colexio.
3. Exame e votación da conta xeral de gastos e ingresos do exercicio anterior.
4. Propositions.
5. Rogos e preguntas.

2. SEGURO DE RESPONSABILIDADE CIVIL

A finais deste mes de xaneiro xirarase o recibo da póliza do seguro de responsabilidade civil correspondente ao primeiro semestre de 2019 (do 01.01.2019 ao 30.06.2019). Este recibo terá un importe de **107,16 euros**, unha vez aplicado o desconto que subvenciona o Colexio (23,15 euros neste semestre).

3. LISTA DE CONTADORES: SORTEO E PUBLICACIÓN

Unha vez finalizado o prazo para solicitar a alta nesta lista, este xoves 24 de xaneiro levouse a cabo na secretaría deste colexio o sorteo para establecer a orde coa que se confeccionarán as listas correspondentes neste ano 2019 (en cumprimento do acordo da Xunta de Goberno do pasado 08.01.2019 polo que as listas se remitirán aos xulgados segundo a orde de apelidos establecida por sorteo realizado na secretaría deste colexio). A continuación, móstrase a ordenación resultante para cada partido xudicial, a partir das letras extraídas no dito sorteo:

1. Partido Xudicial de Santiago de Compostela: inicio na letra **F**
2. Partido Xudicial de Arzúa: inicio na letra **S**
3. Partido Xudicial de Negreira: inicio na letra **C**
4. Partido Xudicial de Ordes: inicio na letra **S**
5. Partido Xudicial de Padrón: inicio na letra **R**

As listas serán remitidas aos xulgados correspondentes e publicaranse na web do colexio (nas seccións Oficina Virtual e Taboleiro de Anuncios).

4. FESTIVIDADE DE SAN RAIMUNDO

O venres, 22 de febreiro, celebraremos a festividade de San Raimundo de Peñafort, co programa que a continuación se detalla:

- 18.00 h Misa na Igrexa de San Paio de Antealtares, que se aplicará en lembranza dos compañeiros finados (rúa de San Paio de Antealtares, 23 —acceso por lateral Casa da Parra, praza da Quintana).
- 19.00 h Actos solemnes no Salón Nobre do Pazo de Fonseca:
- ❖ Entrega das **medallas de ouro** do Ilustre Colexio de Avogados de Santiago de Compostela
 - ❖ Entrega do **X Premio de Dereitos Humanos**
 - ❖ Entrega das **insignias de ouro** aos letrados que cumpren 40 anos de exercicio profesional: D. José López Fernández, D. Pedro A. Trepát Silva e D. César G. Rúa Martínez
 - ❖ **Xura ou promesa** de novos letrados e letradas
- 20.30 h Viño de honra no claustro do Pazo de Fonseca
- 21.30 h Cea-baile no Gran Hotel Los Abetos

21.30 h: Aperitivos no lobby bar

22.00 h: Cea no salón Madrid

Menú:

*Ensalada de vieira e lagostinos con millo corvo frito e redución do Bierzo
Robaliza salvaxe asada, remolacha, pataca confeitada e espinacas
Secreto ibérico con pementos asados e patacas confeitadas
Coulant de chocolate con xeados de iogur e mandarina
Cafés e infusións
Adegas: viño branco DO Ribeiro Antonio Montero Autor; viño tinto DO Izadi
Crianza; augas, cervexas e refrescos
Barra libre e baile*

Nunha próxima circular informarase dos prezos da invitación para a cea, dos horarios de autobuses e dos prazos para a reserva de mesas.